



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tff: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 20 DE ABRIL DE 2017

Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Concelleiras e concelleiros ausentes:

Don Ángel Rodríguez Conde.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día vinte de abril de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se a señora Concelleira e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 4 DE ABRIL DE 2017.

Sra. Secretaria. Explica que, unha vez convocada esta sesión, resultou imposible remitir a todos os membros da Xunta de Goberno Local o borrador da acta da sesión realizada o 4 de abril de 2017 ao conter un erro o ficheiro que impedía a apertura e lectura do mesmo, polo que entende que non se pode aprobar.

Sr. Alcalde. Visto o anterior propón á Xunta de Goberno Local que o asunto quede sobre a mesa para os efectos de correxir o erro detectado.

Non habendo máis intervencións por parte da presidencia sométese a votación a proposta, formulada ao abeiro do previsto no artigo 92 do ROF, de que o asunto quede sobre a mesa, sendo aprobada por unanimidade das e dos presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE REPARACIÓN DE HUMIDADES E PINTADO INTERIOR DE VIVENDA SITO NO LUGAR DE FONTE PEDREIRA, CAMPO DA BARCA NÚM. 16, FORMULADA POR DONA MARÍA DEL MAR LÓPEZ LOURO, EXPEDIENTE 155/2016 ITP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de abril de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 7 de setembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 7728, solicitude de informe técnico previo e tramitación de autorización sectorial por afección en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia para obras de reparación de humidades e pintado interior de vivenda sita no Lugar de Fonte Pedreira, Campo da Barca nº 16, con referencia catastral 7723113NH2372S0017ZX. Achégase coa solicitude orzamento, fotografías e datos catastrais.

Segundo. En data 4 de novembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa favorablemente as obras solicitadas.

Terceiro. En data 7 de novembro de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos efectos de obter a correspondente autorización sectorial, acompañando copia do expediente administrativo.

Cuarto. En data 5 de abril de 2017 ten entrada no Concello resolución sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 3 de abril de 2017, favorable ás obras solicitadas.

Quinto. En data 7 de abril de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2305, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para as obras obxecto do informe.

Sexto. En data 12 de abril de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Sétimo. En data 12 de abril de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A solicitude de emisión de informe técnico previo para tramitación da autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia ven determinada pola entrada en vigor da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, que modificou a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

Esta modificación veu a introducir unha dualidade de sistemas ou tramitacións para a obtención dun título habilitante municipal de natureza urbanística. Así, para as obras de certa entidade que requirisen da redacción dun proxecto técnico completo asinado por técnico competente se mantivo o ata entón único sistema de licenza urbanística previa, pero para as obras denominadas comúnmente menores, de escasa entidade e sinxeleza técnica, se determina a aplicación do procedemento de comunicación previa de obras.

Este sistema exige que se presente a comunicación previa para as obras cunha antelación de 15 días hábiles acompañando a mesma da documentación necesaria para que por parte dos servizos técnicos municipais se perciba claramente a intervención a realizar, así coma as autorizacións sectoriais que sexan necesarias para a intervención.

Isto plantexa un problema derivado da tramitación das autorizacións sectoriais en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia. O Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura tramita as devanditas autorizacións non a instancia dos promotores senón a través do Concello, e exige contar con informe técnico municipal favorable.

Desta forma, para poder obter a devandita autorización se articulou a nivel municipal un sistema de solicitude de emisión do referido informe nos casos en que as obras obxecto da comunicación previa están sometidas a algunha afección en materia de protección do patrimonio histórico que exige contar coa referida autorización ou informe sectorial previo, tramitándose ésta polo Concello e unha vez obtida completando a solicitude co formulario de comunicación previa, comezando nese momento o prazo para a toma de



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

coñecemento ou a solicitude de emenda da comunicación.

No caso que nos ocupa, a vivenda obxecto da intervención se sitúa no casco histórico da Vila de Padrón, dentro do ámbito dun Ben de Interese Cultural declarado por Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro, polo que se declara paraxe pintoresca o entorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiagta de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín da Vila de Padrón, polo que en virtude do disposto polo artigo 39 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, precisa autorización da Consellería competente en materia de protección do patrimonio histórico, neste caso a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Esta mesma necesidade de autorización sectorial se deriva da incursión do inmovible en zona cualificada coma solo urbano residencial de núcleo antigo (URNA) e incluída dentro do catálogo de protección do casco histórico do PXOM, na ficha número 28. A propia ordenanza URNA refire a obriga de contar con autorización sectorial da Consellería de Cultura en tanto non se aproba o plan especial do casco histórico, circunstancia que non se ten dado ata a data.

Segundo. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de reparación de humidades e pintado interior de vivenda sita no Lugar de Fonte Pedreira, Campo da Barca nº 16, con referencia catastral 7723113NH2372S0017ZX. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, sustituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Terceiro. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

– Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade

técnica municipal, así coma na documentación achegada coa solicitude de informe técnico municipal previo. Reparación de cámaras exteriores mediante apertura das mesmas e reconstrución de canaletas, bañadas con produto asfáltico e dándolle saída ao exterior, reparación de desconchados nos muros, con raspado ata sanear todo o pasteado das faltas e pintado interior.

– Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.

– Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta no expediente resolución sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 3 de abril de 2017, favorable ás obras solicitadas. Non son necesarias, vista a conformidade técnica municipal, máis autorizacións ou informes sectoriais para a intervención comunicada.

– Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

– Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas; neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adotar as medidas de conxestión para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DOS BARRIOS ORIXINARIOS DA VILA (URBO), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Cuarto. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores,



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Quinto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

"A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un periodo de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Sexto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Sétimo. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que substitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

Oitavo. Dado que concorre motivo de abstención na persoa do Alcalde en virtude do disposto polo artigo 23.2 apartado b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público:

Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do

cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados (...)

Procede efectuar a presente proposta polo Concelleiro delegado de Urbanismo e primeiro Tenente de Alcalde coma suplente ao abeiro do disposto polo artigo 13 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 7 de abril de 2017, asinada por D^a MARÍA DEL MAR LÓPEZ LOURO, para obras de reparación de humidades e pintado interior de vivenda sita no Lugar de Fonte Pedreira, Campo da Barca nº 16, con referencia catastral 7723113NH2372S0017ZX, expediente 155/2016/ITP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Cuarto. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a existencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Quinto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Sexto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Con carácter previo ao debate e votación do asunto auséntase da sesión o señor Alcalde, don Antonio Fernández Angueira, en cumprimento do establecido no artigo 76 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o 96 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sendo sustiuído na Presidencia da sesión por don José Ramón Pardo Andrade, segundo tenente de Alcalde.

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do Concelleiro delegado de urbanismo do 12 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

Rematada a votación incorpórase á sesión o señor Alcalde, quen volve a ocupar a Presidencia da sesión.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL SITO NA RÚA CAMILO JOSÉ CELA NÚM. 2 BAIXO, FORMULADA POR DON JOSÉ LUIS TUBÍO EITOR EXPEDIENTE 190/2016 ITP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de abril de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 18 de novembro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 9605, solicitude de informe técnico previo e tramitación de autorización sectorial por afección en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia para obras de acondicionamento de local sito na avenida Camilo José Cela nº 2, baixo, con referencia catastral 1140010NH2213N0001VS, formulada por D. José Manuel Tubío Agrasar. Achégase coa solicitude memoria técnica redactada e asinada polo arquitecto D. Ignacio Piñeiró de la Torre.

Segundo. En data 21 de decembro de 2016 ten entrada no Concello instancia Xeral formulada por D. José Luis Tubío Eitor na que manifesta que o promotor da intervención é o propio D. José Luis Tubío Eitor.

Terceiro. En data 22 de decembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Balaña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas.

Cuarto. En data 23 de decembro de 2016 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos efectos de obter a correspondente autorización sectorial, acompañando copia do expediente administrativo.

Quinto. En data 13 de marzo de 2017 ten entrada no Concello resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 6 de marzo de 2017, favorable ás obras solicitadas.

Sexto. En data 20 de marzo de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2374, formulario de

comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para as obras obxecto do informe.

Sétimo. En data 27 de marzo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. En data 30 de marzo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A solicitude de emisión de informe técnico previo para tramitación da autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia ven determinada pola entrada en vigor da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, que modificou a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

Esta modificación veu a introducir unha dualidade de sistemas ou tramitacións para a obtención dun título habilitante municipal de natureza urbanística. Así, para as obras de certa entidade que requirisen da redacción dun proxecto técnico completo asinado por técnico competente se mantivo o ata entón único sistema de licenza urbanística previa, pero para as obras denominadas comúnmente menores, de escasa entidade e sinxeleza técnica, se determina a aplicación do procedemento de comunicación previa de obras.


Este sistema exige que se presente a comunicación previa para as obras cunha antelación de 15 días hábiles acompañando a mesma da documentación necesaria para que por parte dos servizos técnicos municipais se perciba claramente a intervención a realizar, así coma as autorizacións sectoriais que sexan necesarias para a intervención.

Isto plantexa un problema derivado da tramitación das autorizacións sectoriais en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia. O Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura tramita as devanditas autorizacións non a instancia dos promotores senón a través do Concello, e exige contar con informe técnico municipal favorable.

Desta forma, para poder obter a devandita autorización se articulou a nivel municipal un sistema de solicitude de emisión do referido informe nos casos en que as obras obxecto da comunicación previa están sometidas a algunha afección en materia de protección do patrimonio histórico que exige contar coa referida autorización ou informe sectorial previo, tramitándose ésta polo Concello e unha vez obtida completando a solicitude co formulario de comunicación previa, comezando nese momento o prazo para a toma de coñecemento ou a solicitude de emenda da comunicación.

No caso que nos ocupa, a vivenda obxecto da intervención se sitúa no casco histórico da Vila de Padrón, dentro do ámbito dun Ben de Interese Cultural declarado por Real Decreto 3266/1977, do 11 de novembro, polo que se declara paraxe pintoresca o entorno no que se integran a casa de Rosalía de Castro, a Colexiata de Iria Flavia co cemiterio de Adina e o Xardín da Vila de Padrón, polo que en virtude do disposto polo artigo 39 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, precisa autorización da Consellería competente en materia de protección do patrimonio histórico, neste caso a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de acondicionamento de local sito na avenida Camilo José Cela nº 2, baixo, con referencia catastral 1140010NH2213N0001VS. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Terceiro. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible: Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa solicitude de informe técnico municipal previo. Acondicionamento do local mediante levantamento de paredes de ladrillo oco dobre polo interior do cerramento exterior de fachada existente, así coma a colocación dun falso teito de escaiola, coa finalidade de mellorar as condicións higrótérmicas do local.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta no expediente resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben do patrimonio cultural de Galicia do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 6 de marzo de 2017, favorable ás obras solicitadas. Non son necesarias, vista a conformidade técnica municipal, máis autorizacións ou informes sectoriais para a intervención comunicada.
- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.
- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine

reglamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL DE EDIFICACIÓN ENTRE MEDIANEIRAS (URME), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o solo urbano consolidado na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Cuarto. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requirir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Quinto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

“A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos,



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un periodo de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Sexto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá percibirse ao declarante.

Sétimo. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 20 de marzo de 2017, asinada por D. JOSÉ LUIS TUBÍO EITOR, para obras de acondicionamento de local sito na avenida Camilo José Cela nº 2, baixo, con referencia catastral 1140010NH2213N0001VS, expediente 190/2016/ITP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Cuarto. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento

durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Quinto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resguardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Sexto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>


Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 12 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

4.- LICENZA DE OBRAS PARA AMPLIACIÓN DE NAVES INDUSTRIAIS DESTINADAS A LOXÍSTICA NA ESTRADA PADRÓN-NOIA (AC 301) KM, EXTRAMUNDI, FORMULADA POR ALUMINIOS COSTIZO, SAU, EXPEDIENTE 81/2012.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 12 de abril de 2017:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS.

Primeiro. En data 2 de abril de 2012 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2944, solicitude de licenza municipal de obras para ampliación de naves industriais destinadas a loxística, formulada por D. José Manuel Cortizo Soñora en representación da entidade ANODIZADOS CORTIZO, S.A., con CIF A-15.044.209. Achégase coa solicitude proxecto de execución redactado polo enxeñeiro industrial D. Alejandro Allegue Alvedro e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia en data 30/03/2012 con número CO120648.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Segundo. En data 15 de febreiro de 2013 ten entrada no Concello documentación adicional, en concreto oficio visado de dirección de obra.

Terceiro. En data 6 de agosto de 2015 ten entrada no Concello escrito de D. Juan Manuel Vivanco Andino en representación da mercantil ALUMINIOS CORTIZO S.A.U. na que se refire a absorción da entidade que formulou a solicitude inicial por ALUMINIOS CORTIZO, S.A.U. solicitando a subrogación da nova entidade na tramitación da licenza.

Cuarto. En data 5 de abril de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras solicitadas.

Quinto. En data 11 de abril de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente as obras solicitadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Tendo en conta o exposto no informe técnico municipal de data 5 de abril de 2017, e o informe xurídico de data 11 de abril de 2017 que son asumidos por esta resolución coma motivación, conforme o disposto polo artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en concreto tendo en conta o contido literal do informe xurídico que se transcribe a continuación:

Primeiro. O obxecto do presente informe ven constituído pola solicitude de licenza municipal de obras de ampliación de nave industrial destinada a loxística no solo industrial que o solicitante, ALUMINIOS CORTIZO, S.A., ten no Lugar de Extramundi de Arriba, Padrón.

O presente informe non se pronunciará sobre cuestións técnicas máis alá do xurídicamente relevante para a tramitación do expediente administrativo, xa que estas cuestións foron resoltas xa a medio de informe técnico municipal, ao que nos remitimos expresamente neste ámbito, pasando a pronunciarnos sobre cuestións de tramitación, competencia para aprobación e cuestións xurídicas de interese para a resolución do expediente.

En primeiro lugar, debemos considerar que a solicitude data do ano 2012, cando todavía restaban catro anos para a entrada en vigor da actual Lei do Solo de Galicia. Dada a considerable demora na tramitación do expediente, e o transcurso do prazo máximo determinado legalmente para a tramitación das licenzas referidas a obras maiores, de tres meses, non resulta proporcional exixir ao solicitante a adaptación da documentación presentada á nova normativa, o que depararía unha maior demora, tendo en conta asemade que a nova regulación non introduce cambios relevantes no tocante ao expediente nin ao axuste á legalidade da intervención plantexada. Polo tanto analizaremos o axuste á normativa dende a perspectiva da normativa aplicable no momento da solicitude, a lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUG.

A calificación das obras, conforme o disposto polo artigo 195 da LOUG, é de obra maior, polo que conforme o expresado en tal artigo trae aparelhada a necesaria aportación de proxecto técnico completo redactado por técnico competente. Consta aportado "Proxecto de execución de ampliación de naves industriais destinadas a loxística" redactado polo enxeñeiro industrial D. Alejandro Allegue Alvedro e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia en data 30/03/2012 con número CO120648, que visto o informe técnico municipal favorable ao respecto entendemos cumpre co contido necesario para documentar de forma axeitada a intervención e o seu axuste á normativa de aplicación

Segundo. *As obras solicitadas, segundo se desprende do contido do proxecto e do informe técnico, supoñen a ampliación dunhas naves existentes, que implica a demolición de parte das mesmas, destinando os inmobles resultantes a loxística, isto é ao manexo, almacenaxe e embalado dos perfís de aluminio fabricados no resto das instalacións, é dicir, adicada á mesma*

actividade, se ben cunha maior superficie e con diferentes instalacións adaptadas ás novas técnicas neste proceso.

O proxecto obedece a unha serie de ampliacións da actividade industrial desenvolada no complexo que se desenvolverá en varias fases, a primeira das cales foi a construción dunha nave para o anodizado de perfís de aluminio que foi obxecto de licenza municipal en xuño do ano 2013. A segunda das fases da referida ampliación é a intervención obxecto do presente expediente, que se desenrola no solo industrial existente, quedando as seguintes fases pendentes do desenrolo urbanístico da ampliación do solo urbanizable de Extramundi, que actualmente se atopa en tramitación.

Este proxecto, unha vez presentado e rexistrado, forma parte integrante do expediente administrativo e conforme o establecido na LOUG pasa a ter a consideración de documento público, respondendo o seu autor da veracidade e corrección técnica do seu contido en tal calidade. Asimesmo, o proxecto erixese en eixo rector da solicitude de licenza, e a mesma virá referida, no caso de outorgarse, exclusivamente ao contido do proxecto, que enmarca o procedemento e tódolos condicionantes das obras a executar. Toda modificación do proxecto orixinal que non supoñan enmendas menores de carácter non sustancial deberán someterse a un novo expediente para a súa correspondente tutela administrativa, e non resultarán amparados pola licenza outorgada, derivándose as responsabilidades que procedan por posibles infraccións urbanísticas neste senso.


Terceiro. *O marco normativo que debemos aplicar ao presente caso ven dado pola ordenanza que foi introducida ex profeso no ano 2001 mediante modificación do plan xeral de ordenación municipal para a zona na que se enclava o proxecto obxecto do expediente, a ordenanza de Solo Urbano Industrial de Extramundi, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación municipal en data 25 de xaneiro de 2001.*

A entrada en vigor no ano 2003 da lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) non ven a modificar esta normativa aplicable, xa que o seu réxime transitorio ven a determinar que ao solo calificado polo planeamento non adaptado á mesma coma urbano lle resultará de aplicación o disposto para o solo urbano na lei, sen prexuízo de cumprir coa ordenación existente, o que ven a dotar de virtualidade normativa á ordenanza existente complementando ésta co disposto pola LOUG.

En todo caso, a ordenanza de solo urbano industrial de Extramundi determina unha serie de parámetros edificatorios de parcela mínima, edificabilidade, ocupación, alturas e condicións de edificación que o proxecto debe cumprir para poder ser autorizable. Remitímonos neste punto ao informe técnico municipal, que determina o axuste do proxecto aos parámetros urbanísticos fixados pola ordenanza.

Coma se determina no informe técnico municipal, así coma na memoria urbanística obrante no proxecto, a nave a construír cumpre con tódolos parámetros urbanísticos, así coma os condicionamentos estéticos do planeamento. Un parámetro que resulta controvertido neste punto é a altura máxima da edificación. O planeamento prevé unha altura máxima de oito metros, que se pode traspasar en circunstancias excepcionais derivadas do proceso productivo.

Neste punto, a edificación proxectada resulta ter unha altura superior en dous metros á máxima ordinaria, acolléndose á posibilidade antedita para xustificar tal exceso por circunstancias da produción. Bótase neste punto de menos no proxecto unha maior concreción nas circunstancias concretas que determinan a necesidade desta maior altura, que podemos deducir da presenza de varias grúas ponte de grandes dimensións entre as instalacións previstas, pero que non ten maior virtualidade dado o carácter lego en materia técnica do informante e que sería preferible fose refrendado por criterios técnicos. De tódolos xeitos, e



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

tendo en conta o informe técnico favorable a este respecto, non existen impedimentos de orde procedimental para o outorgamento da licenza conforme o proxecto presentado.

Cuarto. *En canto ao uso solicitado, a nova nave, coma a anterior, segundo se refire no proxecto (apartado 6, "Descripción de la actividad" estará destinada ás actividades de ensamblado, embalado, almacenamento e distribución de perfís de aluminio e accesorios. O proceso productivo aparece definido e pormenorizado no proxecto, e tal e coma reflicte o informe técnico municipal, a actividade se desenrola ao amparo da autorización ambiental integrada que as instalacións de ALUMINIOS CORTIZO S.A. teñen en Extramundi, autorización ambiental integrada que define as diferentes liñas de anodizado e ten sido adaptada para as sucesivas modificacións da actividade.*

O sometemento ao proceso de avaliación ambiental integrada exclúe a necesidade de tramitación do expediente conforme o disposto polo decreto 133/2008, polo que se regula o dictame de incidencia ambiental, así coma o trámite de incidencia ambiental establecido pola lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e solventa o compoñente ambiental da actividade, se ben calquera alteración ou modificación da liña productiva e da actividade a desenrolar deberá ser obxecto da correspondente modificación da autorización ambiental integrada.

O uso resulta autorizable na ubicación prevista, xa que a ordenanza de solo urbano industrial de Extramundi determina coma uso principal o industrial de cuarta categoría do PXOM, correspondente á mediana e gran industria, con exclusión das que teñan un elevado grao de nocividade ou perigosidade, circunstancia que de acordo co informe técnico municipal e o proxecto non se da neste punto concreto. Polo tanto o uso da edificación, considerado de forma xenérica, resulta acorde cos usos previstos polo planeamento.

Quinto. *O proxecto xustifica o cumprimento dos CTE de aplicación, segundo o informe técnico, así coma a xestión de residuos da construción, accesibilidade e cumprimento das condicións de seguridade no traballo, así coma a protección contra incendios e as condicións acústicas.*

Consta achegado o correspondente oficios de dirección de obra, dirección de execución e coordinación. Non consta no expediente o oficio de dirección de execución e coordinación, nin a correspondente folla estatística da edificación, documento que integra o contido necesario do expediente e que é obrigatorio regulamentariamente. Se ben éste é un requisito de orde administrativo que non altera os elementos esenciais do expediente, e dada a demora que xa sofre a tramitación do expediente administrativo, de case un ano e medio dende a solicitude, enténdese coma opción máis axeitada o outorgamento da licenza coma acto condicionado, debéndose achegar con carácter previo ao inicio das obras a citada documentación.

Sexto. *No tocante ás autorizacións sectoriais necesarias para a tramitación do expediente, o enclave da edificación non resulta afectado por ningún xacemento arqueolóxico ou zona de interese dende o punto de vista patrimonial. O camiño portugués de Santiago discorre por un trazado moi alonxado do emplazamento, e os diferentes bens de interese cultural e enclaves pintorescos do Concello non resultan afectados pola instalación, polo que non é necesaria autorización sectorial algunha en materia patrimonial.*

Existe un regato nas proximidades do emplazamento, o que nos leva a ter en conta o artigo 78 do Regulamento do Dominio Público hidráulico, que define a zona de policía de 100 metros dende a marxe dun curso de auga na que calquera construción deberá ser autorizada polo organismo de conca. Conforme se especifica no informe técnico municipal, o emplazamento sitúase máis alonxado desa franxa de protección, polo que non resulta de aplicación neste caso.

En canto aos recuados e ás zonas de afección que traen causa do trazado da estrada AC 301.

Esta estrada aparece no listado da rede autonómica de estradas da Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia, polo que debemos asumir que forma parte da devandita rede autonómica de estradas, polo que resulta de aplicación o disposto na lei 4/1994, de estradas de Galicia.

No informe técnico municipal se refire que a zona obxecto de intervención se sitúa fóra das zonas de afección definidas para a citada estrada, polo que non resulta necesaria autorización sectorial algunha neste senso.

Non son necesarias, polo tanto, autorizacións sectoriais para as obras solicitadas.

Segundo. O órgano competente para o otorgamento deste tipo de licenzas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.


PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a ALUMINIOS CORTIZO, S.A.U. licenza municipal de obras de AMPLIACIÓN DE NAVES DESTINADAS A LOXÍSTICA, no Km 2 da estrada Padrón-Noia (AC 301), Extramundi, conforme o *“Proyecto de ejecución de ampliación de naves industriales destinadas a logística”* redactado polo enxeñeiro industrial D. Alejandro Allegue Alvedro e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia en data 30/03/2012 con número CO120648. Expediente 81/2012.

- a) Deberáse achegar antes do inicio das obras o oficio de dirección da execución material das obras e o oficio de coordinación de seguridade e saúde, este último de resultar de aplicación.
- b) O promotor queda obrigado a poñer en coñecemento dos Servizos Técnicos por escrito a data de inicio das obras, así coma as posibles interrupcións nas mesmas e a súa conclusión, achegando en este último caso a correspondente acta de finalización das obras.
- c) Deberá cumprir coas obrigas impostas polo Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, da Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos e do Decreto 105/2008, do 1 de febreiro.

Segundo. En base ao artigo 357.4 do Regulamento da Lei do Solo establece o contido mínimo do acto polo que se conceda a licenza, que, de acordo ao informe técnico e ao disposto no artigo 145.1 da LSG en relación aos prazos de caducidade das licenzas de obras, para a presente solicitude será:

1. Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: SOLO URBANO INDUSTRIAL (IU)
2. Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: Ampliación de naves industriais destinadas a loxística
3. Altura: 11,60 metros, autorizables por razóns derivadas do proceso produtivo.
4. Ocupación da parcela: 64,98% (autorizable 70%)
5. Superficie mínima de parcela: 2.000 m² (en proxecto 97.182 m²)
6. Volumes: B+1
7. Orzamento de execución material: 1.026.262,36 euros.
8. Situación e localización das obras: Estrada AC 301, Km 2, Extramundi.
9. Nome ou razón social da persoa promotora: ALUMINIOS CORTIZO, S.A.U.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

10. Técnico autor do proxecto: D. Alejandro Allegue Alvedro, Enxeñeiro industrial.
11. Técnico director das obras: D. Alejandro Allegue Alvedro, Enxeñeiro industrial.
12. Técnico director da execución material das obras e coordinador de seguridade e saúde: pendente de designación.
13. Prazo para o inicio e terminación das obras: As obras deberán iniciarse no prazo de seis (6) meses dende a data de notificación do acto que outorgue a licenza e concluírse no prazo de tres (3) anos contados dende a data de inicio das obras. Os efectos de caducidade das licenzas estarase ao disposto polo artigo 145 da Lei do Solo de Galicia e o 359 do Regulamento da Lei do solo. Os citados prazos son prorrogables previa petición expresa formulada perante o Concello antes da conclusión do prazo inicialmente conferido.

Terceiro. A licenza enténdese outorgada salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Cuarto. Conforme ao disposto polo artigo 357.6 do Regulamento da Lei do Solo, resulta indispensable dispor xunto á obra de copia autorizada da licenza municipal, e ao se tratar dunha obra maior resulta obrigatorio a colocación dun cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Quinto. No caso de que a intervención precise da ubicación de andamiaxes, guindastres, depósitos de materiais ou acopios, ou calquera outra instalación, ocupación ou actividade que impliquen ocupación da vía pública e entorpeza ou dificulte a circulación de vehículos ou persoas, deberá solicitar a correspondente autorización nas oficinas deste Concello, de conformidade co disposto na ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267, de 19 de novembro de 2004.

Sexto. Dar traslado do acordo adoitado ao técnico municipal en xestión económica aos efectos de que se liquiden os tributos que resulten de aplicación.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos e de recadación municipais.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde do 12 de abril de 2017 nos termos expresados anteriormente.

5.- MODIFICACIÓN ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 09/03/2016.LIQUIDACIÓN DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS A R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. EJERCICIOS 2015 E 2016.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 10 de abril de 2017:

<<Antecedentes administrativos:

Primeiro: Vistas as declaracións de ingresos brutos correspondentes aos exercicios 2015 e 2016 realizadas e notificadas ao Concello de Padrón pola empresa R CABLE Y TELECOMUNICACIONES

GALICIA S A

Segundo: Vista a Providencia do Alcalde de 6 de marzo de 2017, pola que se solicita que polo departamento de Intervención-Tesourería se practique a liquidación da taxa por aproveitamentos especiais, na forma de participación nos ingresos brutos das empresas explotadoras dos servizos públicos en relación coa empresa R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S A

Terceiro: Vista a proposta de liquidación practicada pola Tesoureira Municipal en data 06/03/2017, fiscalizada e conformada polo Interventor Municipal, á empresa R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S A, polo importe total de 4.822,56 €, da taxa por aproveitamentos especiais na forma de participación nos ingresos brutos das empresas explotadoras dos servizos públicos correspondente ás liquidacións dos exercicios 2015 e 2016.

Cuarto: Visto que notificado o acordo a Empresaponse de manifesto o erro padecido na proposta aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 09/03/2017, no seu apartado primeiro no sentido de que consta a Empresa Orange Espagne SAU e non R CABLE e que igualmente a empresa solicita se faga constar o nome completo e o CIF no mencionado acordo.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro: Visto o artigo 9 da Ordenanza Fiscal núm. 18, Reguladora da taxa por aproveitamentos especiais na forma de participación nos ingresos brutos das empresas explotadoras dos servizos públicos, que establece *“Os tipos de gravame serán os seguintes, calculados segundo o establecido nos artigos anteriores: 1,50% dos ingresos brutos da Empresa obtidos dentro do Municipio...”*.

Segundo: Considerando que o artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de novembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que as Administracións Públicas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Terceiro: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencia na Xunta de Goberno Local.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro: Corrixir o erro no acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 9 de marzo de de 2017 no punto nº 48 da orde do día “LIQUIDACIÓN DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS A R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA SA. EXERCICIOS 2015 E 2016”, ao abeiro do disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no seguinte senso:

onde di:

“Primeiro: Aproba-la liquidación da taxa por aproveitamentos especiais na forma de participación nos ingresos brutos das empresas explotadoras dos servizos públicos en relación coa empresa ORANGE ESPAÑA, SAU por un importe total de 4.822,56 €.

debe dicir:

“Primeiro: Aproba-la liquidación da taxa por aproveitamentos especiais na forma de participación nos ingresos brutos das empresas explotadoras dos servizos públicos en relación coa empresa R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S A . con CIF A-15.474.281 por un importe total de 4.822,56 €, de acordo co seguinte detalle:

SUXEITO PASIVO	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S A
PERÍODO IMPOSITIVO	Exercicios 2015 e 2016

